

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

Viaxe polo metaverso con Luísa Villalta

1 Rumbo á biografía de Luísa Villalta

“Mírame, mírate, mírame en ti e
escólleme para soñarte”



Son o avatar de Luísa Villalta no metaverso e vouvos acompañar nesta viaxe pola miña vida e obra.

A Coruña, na rúa Vila de Laxe, foi a cidade onde nacín o 15 de xullo de 1957 e onde residín toda a miña vida e, por iso, son moitos os versos que lle dedico ao longo da miña obra.

Cursei os estudos primarios no Colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda. Licencieime en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, e tituleime en Violín. Tamén estudei inglés, francés, italiano e alemán.

Fun escritora de poesía, teatro, narrativa e ensaio. Exercín como profesora de Lingua e Literatura Galegas no IES Xosé Neiras Vilas de Oleiros, no IES Canido de Ferrol e no IES Isaac Díaz Pardo de Sada. E, como violinista, formei parte da Orquestra de Santiago e da Xove Orquestra de Galicia.

Así mesmo, colaborei de forma moi activa en diversos actos, recitais poéticos, debates e mobilizacións públicas en favor da lingua e a cultura galegas, da igualdade e de causas sociais a prol das persoas máis desfavorecidas. Tamén fun membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.



Accede ao metaverso



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

2 Rumbo á poesía de Luísa Villalta

“Eis a poesía [...], un camiño ao coñecemento”

Accede ao metaverso



Os meus versos caracterízanse pola súa construción conceptual, sonora e verbal e pola súa funcionalidade para abordar temas como a soidade, o paso do tempo, a rebelión fronte ao destino ou a liberdade.

No meu primeiro poemario, *Música reservada* (1991), empreguei o “soneto de sons que soan sendo”; en *Ruído* (1995) describín a poesía como un ruído provocado; e coas cinco composicións de *Rota ao interior do ollo* (1995) fixen un caligrama en forma de ollo.

A cidade herculina é o tema central de *En concreto* (2004). Nel describo o meu barrio natal da Falperra, os xardíns de Méndez Núñez onde de cativa xogaba coa miña irmá, a Torre de Hércules ou a praza de María Pita co Palacio Municipal.

Tamén retratei lugares xa desaparecidos da Coruña e algunhas das xentes que os habitaron nos versos de *Papagaio* (2006), ilustrado coas fotos de Maribel Longueira.

Na obra *Pensar é escuro* recóllese case toda a poesía que elaborei entre 1991 e 2004.

Ademais, fixen traducións, colaborei en antoloxías, revistas e publicacións periódicas, e participei en diversos actos de espallamento da cultura e lingua galegas tanto en Galicia como no exterior.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

3 Rumbo á prosa de Luísa Villalta

“Eu xa non teño memoria do silencio puro, o silencio que sobresaleta”



Na narrativa exploro novos rexistros sen perder a coherencia co resto da miña obra.

A sonoridade das palabras non deixa de estar presente na miña prosa, mais sen abandonar a profundidade nin o compromiso social.

O meu primeiro texto narrativo foi o conto “A taberna do holandés” (1990). A continuación, escribín a obra *Silencio, ensaiamos* (1991), na que retrato once historias de temática e finalidade moi diversas e nas que a música é un dos eixes principais.

Despois chegaría a novela *Teoría de xogos* (1997): nela describo as relacións e vivencias íntimas de cinco personaxes que comparten o lugar de traballo.

Na peza *As chaves do tempo* (2001) recollo temas como a liberdade, a lealdade ou o amor nunha Galicia medieval imaxinaria.

Ademais, entre 1991 e 2004 publiquéi en revistas, xornais e obras colectivas unha dúzia de relatos nos que analizo a identidade individual e colectiva e as súas problemáticas.



Accede ao metaverso



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

4 Rumbo ao teatro con Luísa Villalta

“Sempre o teatro á procura da verdade”

AUTOR: CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL (LOURENSE)

Este xénero foi unha das miñas grandes paixóns intelectuais e creativas. Nel demostrei o meu amplo coñecemento histórico e a miña pegada musical e, deste xeito, conseguín facer camiño nun espazo maioritariamente masculinizado.

En *Concerto para un home só* (1989) mesturo o teatro do absurdo coa miña paixón pola música. Na peza *O representante* (1990) analizo o desdoubramento da personalidade do protagonista nun intento de fuxir da monotónía e a rutina que rodea a súa existencia.

En *O paseo das esfinges* (1991) combino o teatro poético contemporáneo e o drama clásico. Con *As certezas de Ofelia* (1999) achégome ao mundo shakesperiano para retratar a corrupción moral, a traizón, a hipocrísia ou a fidelidade.

As sombras da sociedade da Transición e da sociedade capitalista contemporánea están reflectidas en *Os doces anos da guerra* (2001).

Amais disto, traducín o ensaio *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini e a comedia en prosa *A mandrágora* de Nicolás Maquiavelo.




Accede ao metaverso

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

5 Rumbo ao ensaio con Luísa Villalta

“Emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno”



A miña versatilidade tamén se manifesta na obra ensaística, na que debullo as preocupacións sociais e políticas, evidencio a apatía da sociedade capitalista, defendo os dereitos do pobo galego e da muller e analizo a música como arte.

En *O Don Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral* (1992) fixen unha análise do texto e o xogo de identidades co que traballou o escritor mindoniense, un referente para min.

Na obra *O outro lado da música, a poesía* (1999) quixen poñer de manifesto como estas dúas formas de expresión humana van da man na historia da literatura galega.

Colaborei cos meus ensaios en publicacións diversas como *Man Común*, *A Nosa Terra*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Agália*, *A Trabe de Ouro*, *Boletín Galego de Literatura* ou *Página Abierta*.

Nos artigos que publiquei entre 2002 e 2004 no semanario *A Nosa Terra* afondei en temas de repercusión social e política. Moitos deles están recollidos no *Libro das colunas* (2005).


Accede ao metaverso



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

6 Rumbo á música con Luísa Villalta

“Eis a música, que brota como o río da existencia”



Escape Room

Comezamos

MÚSICA

Luísa Villalta



Accede ao metaverso



A miña paixón pola música comezou na infancia, cando con oito anos iniciéi os estudos no Conservatorio de Música da Coruña. Ademais, os meus pais transmitíronme a súa afección pola ópera, xa que asistíamos ás súas representacións asiduamente. Acadei o título superior en Violín e formei parte, primeiro, do grupo musical Escaino e, despois, da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

Como escritora, a música e a literatura xorden entrelazadas en moitas das miñas obras tanto na temática como na sonoridade das palabras e da construción gramatical.

En *O outro lado da música, a poesía* (1999) trazo unha orixinal visión da lírica galega desde a súa relación atávica coa música.

Así mesmo, escribín ensaios e artigos sobre estética e comunicación musical, ou sobre a relación desta manifestación artística coa poesía: “A música como arte”, “A lingua dos sons”, “Ao principio foi o son” e “Música observada, conservada e reservada”.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

7 Rumbo á docencia con Luísa Villalta

“A nena que aínda teño de chegar a ser”



Accede ao metaverso



En 1988 aprobei as oposicións de Lingua e Literatura Galegas e impartín clases no IES Xosé Neira Vilas de Oleiros, no IES Canido de Ferrol e no IES Isaac Díaz Pardo de Sada.

Sempre loitei pola normalización do uso da nosa lingua e a conservación da nosa cultura, e participei na elaboración de diverso material didáctico para a docencia.


O meu alumnado lémbreme como unha profesora próxima, motivadora, que promovía o debate e procuraba sen descanso que rapazas e rapaces pensasen no mundo no que vivían.

Defendín o ensino público como “un servizo, en definitiva, para a formación individual que tería revertido igualmente en servizo para a consecución dunha sociedade máis madura, dona de si e das súas posibilidades de desenvolvemento”.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

8 Rumbo ao feminismo con Luísa Villalta

“A inmensidade do espazo que temos para voar”



A preocupación pola igualdade de xénero está presente en toda a miña produción literaria. Fun unha feminista consciente de vivir nun mundo de homes.

Nunca abandonei a loita polo apoderamento da muller e a crítica ás actitudes machistas e mesquiñas, como as da Case Anciá, unha personaxe da peza teatral *Os doces anos da guerra*.

Colaborei na revista *Festa da Palabra Silenciada* co poema “As damas que antano cantaron”, unha loanza a aquelas “damas que foron, coas neves de antano e a soga ao pescozo. Suicidas por sobrevivir. Santas de levitar. Loucas de corazón”; e co ensaio “Mulleres si, pero”, no que desexei a chegada dun posfeminismo para as mulleres acadaren o “triumfo verdadeiro”.

No libro *Papagaio* denuncie os abusos do patriarcado, a represión sexual, a moral reaccionaria e a violencia machista, alén dos intereses que levaron á demolición deste barrio da Coruña.

Accede ao metaverso



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

9 Rumbo ao activismo social con Luísa Villalta

“Escoito a voz que me silencia:
comezo a expresar o necesario”



Os artigos xornalísticos que publiquei en *A Nosa Terra* son a mostra máis nidia do meu pensamento e compromiso ético, social e político. Neles reivindico a paz, a xustiza, a igualdade, a liberdade e os dereitos dos pobos.

Erguín a miña voz nas mobilizacións contra o conflito palestino-israelí, a guerra de Iraq e o afundimento do Prestige, e formei parte do Foro Negro da Cultura. Sempre defendín a liberdade de expresión e de pensamento.

Por outra parte, fun membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística, e asistín a reunións a prol dun acordo ortográfico.

Como afirmei en *A Nosa Terra*, “se toda a nosa historia fose así un construír, máis que un acumular, fragmentar e derrubar; se cada unha das nosas actuacións fosen un continuo cimentar máis que un utilizar e desgastar, gozaríamos da vida nun país seguro de si mesmo, acolledor, creativo e orgulloso”.

Accede ao
metaverso



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

10 Rumbo aos méritos con Luísa Villalta

“Non me abandono e formo parte”

En 2024 a Real Academia Galega acordou homenaxearme no Día das Letras Galegas pola miña contribución á lingua e cultura galegas, o meu activismo e compromiso social e o enfoque de xénero na miña escrita.

En 2020 a plataforma A Segaxa me dedicara o IX Día das Galegas nas Letras.

Ademais, recibín outros recoñecementos polo meu traballo: o segundo premio do I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela polo “Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda”; o accésit do Premio Modesto R. Figueiredo polo relato “A taberna do holandés”; e o XII Premio Espiral Maior polo poemario *En concreto*.

Así mesmo, fun nomeada Socia de Honra da Asociación Cultural Alexandre Bóveda.

Amais disto, levan o meu nome o Premio a Iniciativas Normalizadoras da Universidade da Coruña, o Premio a Proxectos pola Igualdade da Deputación da Coruña e unha rúa da urbe na que medrei como persoa e escritora. Non en van, chámanme “a poeta da Cidade Alta”.



Accede ao metaverso

